

Solucións 4.0 na industria Conserveira de peixes e mariscos

20 de outubro de 2022



Solucións de Industria 4.0 para a optimización da eficiencia de procesos na Industria Conserveira de peixes e mariscos

Webinar organizado no marco do proxecto YIELDCAN 5.0



20 de outubro



09.30 – 10.50



Online

A industria conserveira de peixes e mariscos é pioneira na industria alimentaria en canto ao desenvolvemento e implantación de solucións tecnolóxicas que aporten valor e optimicen o rendemento das súas operacións, tanto fabrís coma non fabrís. Porén, segue a haber desafíos que abordar e novas tecnoloxías que adaptar cara aos procesos particulares deste sector, de tanta relevancia para Galicia en termos socioeconómicos.

Coa finalidade de dar a coñecer estas oportunidades, Clusaga organiza esta xornada no marco do proxecto

YIELDCAN 5.0 na que, por unha banda, expóranse os principais obxectivos que aborda o mesmo e, por outra, contarase con provedores galegos de tecnoloxía de primeiro nivel que presentarán solucións tecnolóxicas de vangarda xa dispoñibles no mercado, que permiten optimizar os procesos na industria conserveira.

Máis información

✉ info@clusaga.org



981 556 062

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

PROGRAMA

| | |
|-------|---|
| 09.30 | Apertura do acto e presentación do proxecto YIELDCAN 5.0 Roberto C. Alonso Cluster Manager de Clusaga |
| 09.35 | Extraendo (todo) o valor dos datos na industria conserveira Álvaro Dosil CEO de Triple Alpha Innovation |
| 09.45 | Aplicacións de Realidade Virtual e Aumentada (VR/AR) para o sector conserveiro Pablo Martínez Pavón Investigador en Dixitalización – Industria 4.0. Área de I+D+i. ANFACO-CECOPESCA |
| 09.55 | Fotónica aplicada ao control de calidade do atún. Fernando Cao Director de Emensa Industria y Automatismo SA |
| 10.05 | Oportunidades de aplicación do xemelgo dixital na industria conserveira Daniel Prieto Cofundador e CEO de NORLEAN Manufacturing & Productividad |
| 10.15 | Un caso real de aplicación de solucións intelixentes de dixitalización no sector conserveiro para optimizar a eficiencia e sustentabilidade Miguel Lopez R&D Manager de ASM Soft |
| 10.25 | Blockchain aplicado á trazabilidade no sector pesqueiro Jose Iglesias . CEO de Fishworld Track |
| 10.35 | Debate e peche da xornada Roberto C. Alonso - Cluster Manager de Clusaga |